

Volver a Fonseca: Unha conversa pedagóxica con Herminio Barreiro¹

José Antonio CARIDE
Universidade de Santiago de Compostela

*Para Caride. Para Auri. Recordo os nosos encontros, as nosas conversas, unha
convivencia intensa de moitos anos xa.*

Unha aberta grande de Herminio.

Dedicatoria manuscrita en *Recordar doe*, páxina 0

Xullo de 2008

Fonseca, un tempo nun lugar

Presentaba a Herminio como un home mozo, nado nun pobo preto de Sanxenxo, que fixera a súa escolaridade primaria na mesma escola na que exercía como mestra a súa nai, nunha pequena aldea da montaña de Cerdedo. Esa escola “feita lembranza incesante... experiencia intensa e verdadeira sempre”, coa que Herminio –trinta anos despois– iniciaría a escrita do seu “*Recordar doe*” (2008), crónica sentimental dunha época e dunha vida fraguada no fío da memoria.

Así comezaba escribindo del na entrevista que me concedera para a sección “*De la Universidad para el pueblo*”, publicada en *El Correo Gallego* o xoves 31 de marzo de 1977. Unhas páxinas das que me ocupaba simultaneando os estudos do “curso de adaptación” programado para o acceso desde a Diplomatura en Profesorado de EXB á Licenciatura de Filosofía e Ciencias da Educación (Sección de Pedagogía) na Universidade compostelá. Herminio Barreiro, o primeiro dos profesores cos que tiven clase nesta Facultade... Un home, entón, de 40 anos, que a bastantes nos parecía vello ou, acaso, simplemente maior. Pasaron 34, aínda que tan só uns meses desde que xa non podemos escoitar a viveza da súa voz, deternos a interrogar a súa mirada, acompañar as súas tranquilas camiñadas... de mestre, compañeiro, amigo. Daquela, para min, como para tantos e tantas estudantes, era o profesor de *Teoría* ou de *Historia da Educación, I e II*, maxistral e cativador nas súas explicacións; un ensinante do que aprendíamos.

¹ Concluindo o mes de marzo de 1977, sendo redactor no diario *El Correo Gallego*, entrevistei a Herminio Barreiro para a Sección “De la Universidad para el pueblo”. A conversa foi publicada o 31 de marzo dese mesmo ano, nas páxinas 6-7 do xornal, incluíndo tres fotografías de Manolo Blanco. O texto que agora presentamos recolle fielmente as respostas de Herminio ás preguntas que lle formulara, contextualizadas nunha perspectiva máis ampla do seu quefacer intelectual e académico. Tan só alteramos a orde das mesmas, procedendo tamén a unha revisión normativa do galego; neste idioma foi publicada, integramente, a reportaxe na súa versión orixinal.

Na primavera do 77 habitábamnos Fonseca, no corazón de Compostela. Semellará un dato contextual máis, prendido no conxunto dos meses, semanas ou días dun ano feito de transicións, como o foran os precedentes, como o seguirían sendo os que viñeron logo: calmos, por momentos, axitados, densos e ata convulsos acotío. Un tempo de mobilizacións, como as que agora tamén reciben o nome dunha data que as simboliza: 15-M. Como as gozaría Herminio!

En verdade, tamén nós “ocupábamnos” un espazo. Diríase hoxe que privilexiado, aínda que naquel intre incómodo e decadente. Ou peor, como testemuñaba o profesor Carlos Amable Baliñas², na súa condición de Decano, aludindo a como desde 1975, a nova Facultade se atopara con dous problemas abafadores: “o primeiro, foi o do edificio. Á Facultade asignóuselle un en construción que, por diversas circunstancias, non sería utilizable ata catro anos máis tarde. As condicións de extrema incomodidade do Pazo de Fonseca, entón en estado semirruinoso, dificultaron penosamente o traballo de docencia e, sobre todo, o de investigación”. Un edificio de tránsito... como Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, entón integrada polas Seccións de Filosofía, Pedagogía e Psicoloxía. Unha comunidade de estudantes e profesores, que xunto cun reducido número de persoas ocupadas dos aspectos administrativos e de diferentes servizos, iniciaban a súa formación académica e profesional como filósofos, pedagogos ou psicólogos *en Galicia*. Naquelas aulas, ben distintas do que anos máis tarde se convertería na primeira sede do Parlamento de Galicia (hoxe Salón Nobre de Fonseca) e Biblioteca Xeral da Universidade, tivemos a oportunidade de recrearnos co maxisterio de Herminio. No que era entón o seu despacho, situado nos sotos do vello edificio do Pazo de Fonseca, tivo lugar a entrevista que mantiven con Herminio, na compañía dun excelente fotógrafo, Manolo Blanco.

Máis dunha hora. Un tempo ao que agora volvo para retomar a maxía imperecedoira da súa fala. Neste retorno situámos algúns tópicos que axitaron a súa vida intelectual e o seu quefacer cívico, sustentados nunha condición de cidadanía activa e liberadora, xenerosa e reivindicativa. Dela nos sentimos partícipes ata discrepando, nese convite permanente que Herminio facía ao diálogo e á conversa amigable, moi a miúdo rendidos ao encanto singular do seu uso cultivado da palabra, como salienta Antón Costa³ no *In memoriam* que abre o *Sarmiento* de 2010.

En Compostela, unha vida nova e plena nunha Universidade en transformación

Todos críamos que Herminio Barreiro era profesor universitario desde case sempre. Pouco ou nada sabíamos, daquela, dos seus itinerarios previos como lector de español en Francia (1965-1967) ou como profesor de Educación Primaria e de Educación Secundaria nun Centro de Estudos Turísticos en Madrid, con alumnos procedentes de realidades sociais e familiares difíciles, dos que aprendeu que a relación con eles “debía producirse

2 Carlos A. Baliñas, “Facultad de Filosofía y Ciencias de la Educación”, en Manuel C. Díaz y Díaz (coord.), *La Universidad de Santiago*, 1980, páx. 303.

3 Antón Costa, “In memoriam Herminio Barreiro: A educación é o camino da liberdade”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, 14, 2010, páxs. 7-10.

nun entorno de afectividade”, como recollen Zabalza e Lodeiro⁴ visibilizando a súa historia de vida.

Descoñecendo a súa traxectoria, para moitos de nós, estudantes de Pedagogía, seme-laba unha figura máis da paisaxe herdada con Fonseca. Sen embargo, Herminio apenas acumulaba uns meses como docente na Universidade compostelá, á que se incorporara en outubro de 1976. El era unha das “solucións” máis sobranceiras ao segundo problema aludido polo profesor Valiñas na súa diagnose dos males que ateigaban á nova Facultade: “O outro problema proveu da dificultade de lograr a incorporación e arraigamento de profesorado de nivel superior, indispensable administrativamente para constituir Departamentos e cientificamente para dirixir e coordinar o profesorado novo que, entre tanto, crecía aceleradamente en correlación co aumento vertixinoso de alumnado”. Herminio Barreiro e Carlos Balañas sosterían durante décadas unha boa amizade desde marzo ou abril de 1952 –segundo refire Herminio no seu recordar⁵, como *“mestre e amigo até agora mesmo”*–, chegando a ser o Presidente do seu Tribunal de Tese Doutoral, defendida en 1982: un estudo contextual, crítico-biográfico e temático de Lorenzo Luzuriaga e dos seus aportes á renovación educativa que tería lugar en España desde finais do século XIX e durante o primeiro terzo do século XX. Para bastantes dos que logo nos doutoramos, foi a primeira lectura e defensa pública dunha Tese, nun dos andares do “novo” edificio da Facultade, sito en Xoán XXIII.

No conxunto destas circunstancias explicase a inxenuidade da pregunta coa que comecei interrogando a Herminio: *“Cal é a súa actividade concreta aquí na Facultade?”*; e, a partir dela, a lóxica inequívoca da súa resposta, asumindo con humildade que a súa actividade na Facultade era breve no tempo e pequena en logros: *“coa cantidade de problemas académicos que hai nela a miña actividade é moi curta e con moi poucas realizacións. Eu o que sempre pretendín e pretendo é facer a teoría práctica, pero paréceme que de momento isto é bastante difícil”*. Unha valoración que asociaba, sen poder obviar, ás condicións nas que se desenvolvía de xeito cotiá o seu quefacer docente-discente: *“o feito de ter uns grupos tan numerosos, en xeral imposibilita o poder levar a cabo un traballo creador, autenticamente creador”*. Unha creatividade, non exenta da paixón por ensinar, que Herminio demandaba para si mesmo e para un quefacer pedagóxico que na súa opinión só pode ser convincente cando está ancorado en profundas conviccións de natureza ética e ideolóxica. Acaso aquelas que, bastantes anos máis tarde, lle depararon as “sensacións únicas e irrepitíbeis” que experimentaría na materia de Historia da Educación durante o ano académico 2003-04, cunha matrícula que chegaría a case os setecentos alumnos, da que Herminio diría que se trataba, sen dúbida, da experiencia “máis estimulante e gratificante” de toda a súa vida académica⁶.

4 Miguel Zabalza e Laura Lodeiro, “Historia de vida: Herminio Barreiro”, *REDU. Revista de Docencia Universitaria*, 9 (1), 2011, páxs. 217-229.

5 Herminio Barreiro, *Recordar doe: Lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)*, Vigo, Xerais, 2008, pág. 129.

6 Herminio Barreiro, *Memoria crítica de escola desde a universidade (historia mínima dun curso especial na USC)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, pág. 16.

Posiblemente Herminio tivera nesta experiencia, ata certo punto tardía, da súa biografía académica, un dos principais alicerces da reconciliación do seu quefacer docente coa Universidade que imaxinaba e desexaba, consonte coas misións que ao seu xuízo debería satisfacer nunha sociedade como a galega, pouco ou nada consecuente coas necesidades e demandas que a arrodean. Un “hándicap”, confesábame na entrevista que lle realizaba en 1977, que incapacitaba á institución universitaria para darlle resposta aos problemas sociais do seu contorno, en Compostela e, por extensión, a toda Galicia: “*Concretamente –sinalaba na súa fala– dentro dunha sociedade subdesenvolvida, cuns problemas coma os da emigración e moitos outros, aquí en Galicia necesitaríase que nestes momentos se puxera o acento no que debe ser a extensión universitaria, que a Universidade saíra fora das aulas e se conectara directamente coas necesidades sociais, cos problemas educativos de Galicia e que dese aumento cuantitativo da Universidade se pasara a unha intensificación da investigación científica e poder conseguir uns medios didácticos apropiados á sociedade galega*”.

Nesa época dátase o texto que redactara, xunto con Antón Costa, para a *Gran Enciclopedia Gallega*, co título “Educación en Galicia”⁷, reflectindo os puntos críticos do sistema educativo e, en xeral, as súas deficiencias estruturais: “un divorcio entre a práctica concreta e unha concepción abstracta da política educativa”, manifestada ao longo da nosa historia como unha constante, agravadas polas especificidades de Galicia como un país diferenciado. Lonxe de telas en conta, a “situación de total dependencia de Galicia respecto do Estado español” e a “falta absoluta de autonomía”, deran lugar a “un sistema educativo pobre e cheo de carencias, que se suman ao xa precario estado do sistema educativo español no seu conxunto”. A situación na Universidade, analizaban, era unha mostra máis desas carencias, “en función do contorno, de irracionalidades en función da demanda, do sometemento cultural, da autopromoción descarada por parte do estamento funcionarial, etc.”. Un diagnóstico ao que vinculan solucións de urxencia, que coinciden plenamente co que Herminio manifestara no transcurso da entrevista: a “extensión universitaria como instrumento de potenciación da cultura e do desenvolvemento”, e “unha maior integración da Universidade na sociedade á que se debe e un control por parte de tódalas institucións sociais implicadas”.

A “*extensión universitaria*” e a “*racionalización da Universidade*”, diría Herminio na conversa que mantivemos, deberían formar parte da primeira liña das prioridades a abordar, se de verdade se pretende ser congruentes cos obxectivos que ten que satisfacer o ensino superior nas nosas realidades. Unha invocación que reiteraría ao longo da súa vida académica, como docente e investigador, insistindo en que os males da Universidade responden a un “*problema estrutural, que afecta a todo o Estado*”, que comezan polas deficiencias crónicas intimamente ligadas ao contexto socioeconómico e que se proxectan en tódalas demais áreas, “*en Galicia exactamente igual*”. Tanto como para asegurar que naquel mo-

⁷ Antón Costa e Herminio Barreiro, “Educación en Galicia”, en Otero Pedrayo, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo IX DENA-ELE, Santiago de Compostela-Xixón: Silverio Cañada Editor [depósito legal correspondente ao ano 1974], páxs. 221-227.

mento “a situación de degradación que vive a Universidade a nivel estatal é un reflexo da degradación dun sistema que provoca unha desmoralización profunda en estudantes e profesores, sobre todo pensando no problema de paro que afecta a tantos licenciados”.

Lembrando ao filósofo francés Louis Althusser, Herminio sinalaría como nun momento no que a superestrutura ideolóxica desempeña un papel clave, a importancia das institucións educativas na reprodución da sociedade capitalista, perpetuando as desigualdades, será fundamental Convén non esquecer, afirmaría, que “*desde o punto de vista histórico, a educación desenvólvese de xeito moi dependente das propias estruturas sociais existentes. Non hai un tipo universal de educación senón que hai tantos tipos como sistemas sociais... hai tantas formas de educación como concepcións filosóficas do home ao longo da Historia*”.

No que respecta a Galicia e aos factores que inciden directamente na súa educación, o posicionamento de Herminio é concluinte, na liña do redactado no texto publicado na *Gran Enciclopedia Gallega*, ao sinalar que “*hai factores que están moi vinculados á cuestión nacional: un factor lingüístico, un factor cultural, económico, un factor que vén motivado por unha man de obra que se ten que ir ao estranxeiro, que as institucións escolares non se corresponden coa realidade galega. Por suposto hai moitos máis, pero en breve síntese estes son algúns que había que considerar e que están paralizano un desenvolvemento positivo*”. As solucións, que desbordan o marco universitario, debuxadas na redacción conxunta do texto publicado con Antón Costa, só poderán chegar “mediante a participación e a xestión da educación por parte de tódolos sectores implicados... Galicia ten o dereito e o deber de tomar as rendas da organización dun sistema educativo propio e axeitado para a cabal solución de toda a súa problemática educacional”. Pasarían varios anos para isto comezara a concretarse...

A crise da pedagogía tradicional e o estado de cuestión das Ciencias da Educación

A confianza de Herminio na educación foi inmensa. Así o expresou na primeira liña que dedicou a esta expresión no *Dicionario Galego de Pedagogía*⁸, que tiveron a oportunidade de dirixir co profesor Felipe Trillo, considerándoa como “unha das trabes do corpo enteiro dos dereitos humanos... a fórmula mellor para chegar a unha sociedade do coñecemento altamente desenvolvida... a... verdadeira e auténtica riqueza dun país”. Unha afirmación xa anticipada, case literalmente, no seu *recordar*⁹. Unha educación da que as súas prácticas, diría, non poden desligarse da teoría e da ciencia –a Pedagogía– que as iluminan, aínda que lamentablemente, polas derivas dunha e doutra, teñan conducido a rupturas inxustificables, constituíndo, segundo Herminio¹⁰, unha tarefa inescusable “buscar e resaltar o grao

8 Herminio Barreiro, “Educación”, en José Antonio Caride e Felipe Trillo (dirs.), *Dicionario Galego de Pedagogía*, Vigo, Editorial Galaxia-Xunta de Galicia, páxs. 213-215.

9 Herminio Barreiro, *Recordar doe*, op. cit., páx. 124.

10 Herminio Barreiro, “Consideraciones en torno a la investigación histórico-educativa. Sobre objetivos y modelos”, en Sección de Pedagogía, *Materiais pedagóxicos*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1985, páxs. 9-14.

de sincronización entre teorías educativas e prácticas educativas. As teorías educativas teñen sido, nuns casos, a vangarda dos cambios históricos, pero, noutros, teñen sido unha rémora para o progreso”. A contraposición entre a pedagogía tradicional, en crise, e a pedagogía moderna, innovadora e crítica... incorporouse á parte da conversa.

A crise da pedagogía tradicional, diría Herminio, debe ser lida no decurso histórico: “arranca dos problemas da revolución industrial, dos grandes progresos da revolución científico-técnica de finais do século XIX. A vella escola humanista que interpretaba a cultura nun sentido de lecer, que xa tiñan os gregos, é un tipo de educación que nas institucións escolares entrou en crise, xustamente cando empezou a gran revolución industrial e os grandes movementos migratorios”. Neste contexto, engadiría, a escola entra en crise pola seguinte razón: “de ser unha institución fundamentalmente humanista, baseada na reprodución dunha cultura vella, atopouse cunha sociedade que a sobrepasou de tal xeito que a escola o que fixo foi profesionalizarse excesivamente. Isto é algo que Gramsci cita no seu libro “La alternativa pedagógica”, no que considera que a substitución da vella escola humanista por un tipo de escola máis profesionalizada, en realidade o que facía era conservar a división de clases, mentres que a verdadeira escola humanista quedaba como escola de “ocio” exclusiva. A partir deste momento comeza a crise; entón, desta crise, só se pode saír mediante unha transformación do sistema educativo. Só así se pode superar esa contradición para ir á busca dunha formación integral que supoña unha ensinanza politécnico-humanista e progresiva”.

Interrogado sobre o “nivel que ocupan as Ciencias da Educación –na Universidade galega– en relación con outras de España”, Herminio sinalaría que a situación en Galicia, comparativamente coa existente noutras nacionalidades e rexións do Estado español, pode que revele “*un certo atraso*”, correlativo ao atraso que naquel intre existía en moitas outras áreas do quefacer educativo e social. Para superalo e chegar lonxe, consonte coa súa toma de postura respecto da revolución social da educación, o Plan de Estudos Pedagóxicos tería que someterse a unha profunda reestruturación, “*nun ciclo único dos 4 aos 18 anos, delimitando claramente as funcións investigadoras e as funcións docentes na educación*”. Con esta perspectiva, e o que debería comportar en Galicia, consideraba imprescindible confiar nas novas xeracións de pedagogos e pedagogas galegos, dos que a primeira promoción saíría da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación en 1978, correspondéndolles a eles “*ser os pioneiros desta tarefa. Van a ser eles a quen lles corresponderá iniciar e levar a cabo esta obra. Esta primeira promoción deber ter como obxectivo traballar para poñer en práctica todo isto para que a educación deixe de ser unha serie de especulacións teoricistas que se dan nas aulas*”.

Cabe sinalar que case unha década despois, nun informe elaborado por Juan Manuel de la Torre¹¹ para *Cuadernos de Pedagogía*, solicitando a opinión de diferentes pedagogos sobre a profesión de pedagogo, as funcións e os ámbitos da súa intervención, Herminio mostraba a urxencia por remodelar “os plans de estudo e a posta en marcha da Facultade

11 Juan Manuel de la Torre, “¿Quiénes son los pedagogos? Pedagogos ¿para qué?”, *Cuadernos de Pedagogía*, 126, 1985, páxs. 55-61.

de Educación"... xa que sería dese xeito como se conseguiría unha maior racionalización da situación e se abrirían novas posibilidades de traballo para os pedagogos, e se porían as bases imprescindibles para unha mellor formación inicial do profesorado nos seus distintos niveis". Unha proposta que acabaría concretándose nos inicios dos dous mil na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, para a que chegaría a propor nunha das súas Xuntas de Facultade –lembro especialmente a que se celebrara no "campus norte"– a súa localización no monte do Gaiás, dándolle vida á Cidade da Cultura de Galicia. Unha proposta intelixente, orixinal, rompedora... que desborda os convencionalismos nos que seguemos instalados hoxe en día procurando algún futuro para este desconcertante espazo arquitectónico.

Nestas coordenadas, mesmo dándonos a oportunidade de repensar o que semella inalcanzable, Herminio sempre interpretou o seu protagonismo e a súa participación en calquera proxecto con humildade. Mostráboo entón, na entrevista, ao fío da conversa, cando lle pregunta sobre o seu cometido na Facultade: "*o meu papel non é tan importante, xa que o único que pretendo é introducir aos alumnos desta Facultade nunha pequena problemática para que de aí poida saír o núcleo fundamental de docentes e investigadores. Simplemente sementar unhas inquietudes, unhas iniciativas para o desenvolvemento dun traballo futuro*". Bastantes anos máis tarde confesaría o difícil que lle resultaba –nas condicións de masificación nas que tivo que desenvolver acotío o seu traballo– fuxir da pedagogía tradicional, por moito que tentara basear a súa docencia no protagonismo dos estudantes, confiando non tanto na metodoloxía como na intuición: "tratando de comunicar o que cría que debía comunicar e deixando que foran os estudantes quen se interesaran. E os que non, pois non se interesaban", segundo o testemuño recollido para a reconstrución da súa historia de vida por Miguel Zabalza e Laura Lodeiro¹². Unha toma de postura fortemente asentada na súa concepción da "educación como diálogo, non como imposición. En educación non se pode impor nada", nos termos en que deu resposta a Gena Borrajo¹³, na entrevista que lle concedera para *Cuadernos de Pedagogía*, cando lle preguntara sobre cal era o seu segredo para conectar tan ben cos alumnos: "unha cuestión de carácter, de temperamento; o de talante, como se di agora. Para min a pedagogía debe revestirse de amor, de paixón e de entusiasmo".

A educación, entre a política e a cultura

Na análise das relacións existentes entre a cultura e a educación, Herminio volvería a incidir nos significados inherentes á educación na sociedade, destacando a súa capacidade dialéctica para "reproducir" a cultura existente ao tempo que tamén pode contribuír á "*creación dunha cultura nova*". A crise da escola, na súa opinión, recolle en certo modo esta contradición que hai entre "*creación dunha cultura e reprodución*". Para el, esta tensión sitúase "*no plano organizativo en termos da escola tradicional e a escola nova. Esta*

12 *Op. cit.*, páx. 222.

13 Gena Borrajo, "Herminio Barreiro. La educación como diálogo", *Cuadernos de Pedagogía*, 347, 2005, páxs. 42-47.

pretende un ensino vivo, crítico, e polo tanto ponse do lado da creación, reorientación da cultura, mentres que a escola tradicional é reprodución da cultura, con todas as cousas válidas e non válidas. Nesta concepción nova o ideal é que o home asuma a propia Historia [sendo consciente de que] el vai a modelar, elaborar os elementos fundamentais da súa propia cultura”.

No que respecta á política, e da lectura que se pode facer das súas relacións coa educación, Herminio situaría a súa fala nalgunhas das liñas de pensamento por el máis cultivadas, entón e ao paso do tempo, para salientar como ambas, a política e a educación, en tanto que *“prácticas sociais, atópanse profundamente ligadas”*. A educación, diría, *“vese influenciada pola ideoloxía concreta que está establecida polo réxime... o produto necesario dese réxime e desa política. Agora ben, a ideoloxía sempre é unha arma de dous fíos xa que a educación pode, por unha parte, estar mantendo ese propio sistema e, por outra parte, desde dentro están transformando”*. A ámbalas dúas artes transformadoras, como educación e como política, dedicaría Herminio boa parte das súas enerxías.

En clave de futuro, cando aínda faltaban meses para dotar ó país dun novo marco constitucional, que sería referendado polo pobo español o 6 de decembro de 1978, as alternativas pasaban, segundo Herminio, pola capacidade para situarnos diferencialmente nos curtos, medios e longos prazos, considerando as posibilidades e limitacións que uns e outros conteñen nos planos político, educativo, social, etc. Neste sentido recoñecía que *“a prazo curto é moi difícil de calibrar o que se pode facer, pero evidentemente xa que estamos nun momento de transición política hai que elaborar unha alternativa educativa de transición. A prazo medio iría un pouco condicionada por esa mesma transición. E a longo prazo, por suposto, a extensión educativa a tódolos niveis e un acceso á Universidade que non veña dado pola selección dos condicionamentos socioeconómicos, senón por uns criterios rigorosamente académicos, e todo isto dentro dunha configuración social propicia”*. Máis lonxe aínda estaba a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia (1981), a Lei de Reforma Universitaria (1983), a Lei Orgánica do Dereito á Educación (1985), a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (1990), ou... noutra dirección, o ¡non á LOU! de 2001, que tanto marcou a Herminio nas súas complicidades co estudiantado.

Naquela primavera do 77, fondamente suxestionado polos ecos dos impulsos revolucionarios de tempos pasados, en Francia, Rusia ou Cuba, Herminio tamén concibía os cambios que deberían darse na perspectiva dunha *“revolución a nivel social e tamén dentro da educación”*; ou, expresado doutro xeito, *“un cambio radical que suporía unha revolución educativa tendo en conta tamén as consecucións anteriores. Sería unha saída maximalista non ter en conta isto xa que hai cantidade de cousas que son perfectamente utilizables”*. Neste proceso, a ciencia e a técnica *“son auxiliares magníficos da educación”*, xa que logo *“neste momento concreto e no futuro fáise preciso a utilización de todas as técnicas que poidan axudar a este desenvolvemento. Isto é fundamental dentro dunha extensión educativa que sobre todo trátase que sexa científica racional”*. Un cambio, en todo caso, que non poderá optar por *“solucións maximalistas. Do mesmo xeito que un réxime socio-político incide na educación, a educación ao mesmo tempo está influíndo para variar*

o réxime socio-político, polo tanto mentres esteamos nunhas estruturas inxustas poden existir uns obxectivos neste proceso como dicía, a curto, medio e longo prazo". Leccións aprendidas do historiador de educación que sempre foi, evocadoras da necesidade vital da educación en calquera momento histórico: sen educación, insistiría no seu *Recordar*¹⁴, "a humanidade será incapaz de resolver os dramáticos problemas que se lle van a formular nos anos que veñen. A educación é hoxe tan indispensable como a auga para beber ou como o aire para respirar..."

A misión da educación, dos profesores e dos estudantes

Como un dereito fundamental da Humanidade, cando menos desde Condorcet, como acostumaba a lembrar Herminio, a educación debería ser un soporte básico de todo propósito orientado a procurar unha sociedade máis xusta e igualitaria: un elemento determinante, afirmaba con énfase, na transformación do mundo e na conquista da liberdade. O poder da verdade. Se a educación que recibiran os educandos "*tivera unhas posibilidades críticas das cales foran conscientes, o seu papel sería importantísimo*", por exemplo no que respecta á "*extensión educativa*". Nos cometidos que lle corresponderían a esta, complementaba a súa argumentación, os educandos terían que contribuír a "*desmitificar unha serie de elementos que hai máis ou menos enmascarados na sociedade, descubrir, desvelar, todos os elementos... traballar en suma por unha sociedade distinta e non anquilosada*". Imaxinando os educandos no seu futuro rol de educadores, Herminio sinalaría que "*desde o punto de vista organizativo do seu traballo é preciso levar á conciencia dos mestres que deben traballar en pequenos grupos docentes... para poder propagar as novas técnicas didácticas*".

En todo caso, Herminio entendía as misións da educación nun traxecto de longos percorridos, no que o seu papel fundamental "sería, en primeiro lugar, a educación como elemento primordial da reprodución dunha cultura, pero non a reprodución dunha cultura morta, senón dunha cultura viva, cos elementos que poida haber válidos". Unha educación á que concibía como "o proceso dunha integración ou transformación crítica dunha determinada sociedade"; a educación que "non pode conformarse con perpetuar, con reproducir, diríamos, unas estruturas sociais, senón que debe ser un elemento transformador e de crítica desas propias estruturas sociais...". Aínda ben, cunha limitación, afirmaba, que non pode ser obviada: "o problema que se plantexa é que o educador é sempre o mesmo; ou se interpreta o que hai, ou se transforma a realidade... si se opta por interpretar [a] realidade, esta permanece incambiada e a educación vai a reproducir o que hai, aínda que estea podre. Si se opta por transformala, entón o papel da educación pode ser condicionante. Tódolos grandes exemplos do rol concientizador da educación, como poden ser as innovacións pedagóxicas de Paulo Freire, son –diríamos– grandes conquistas e grandes aportes á transformación global dunha sociedade: entón eu penso que a educación está intimamente ligada a unha cultura e ás formacións sociais".

14 *Op. cit.*, páx. 126.

Nun contexto social adverso, “o xeito de abordar o papel crítico que poden desempeñar distintas institucións [a familia, a escola, o Estado, a Igrexa... sobre as que lle preguntaba] pode ser decisivo. Aínda –matizaba– que non lles toca asumir a elas soas esta responsabilidade, xa que “no problema da educación non só inciden as institucións educativas específicas”, senón un amplo conxunto de elementos, “que van conformando unha forma de concibir o mundo, e que poden desempeñar un papel importante”. Como expresaría na súa contribución ao *Dicionario Galego de Pedagogía*¹⁵, a educación foi e segue a ser, “desde a época das revolucións contemporáneas, elemento fundamental e insubstituíble para a transformación do mundo e para a conquista da liberdade”. Unha forza imprescindible –matizaba– para “solucionar os grandes retos e os permanentes desafíos aos que se enfrenta nestes inicios do século XXI a especie humana”.

Respecto das persoas e da súa formación, Herminio sería categórico ao resumir en poucas palabras os fins da educación: “*formar fundamentalmente persoas libres, responsables e conscientes*”. Porque se trata, sinalaría bastantes anos despois nunha obra que compartira coa profesora Aida Terrón¹⁶, de poder “ser cultos para ser libres, como dicía o independentista cubano José Martí. Ser educados para poder ser nós mesmos. A educación, así considerada, é o poder máis grande. Máis que o poder económico e máis que o poder político. A educación é o poder de verdade e da verdade e é aproximación máxima ás respostas que podemos dar ás preguntas últimas”. Na conquista destas metas, diría no curso da entrevista, deberán considerarse todas “*aquelas variables que inciden [na educación] e que polo tanto son susceptibles de ser un medio de integración crítica no sistema ou ben un medio de transformación crítica do sistema*”. Para engadir que “*a educación é un elemento máis nunha superestrutura ideolóxica*”. A sociedade galega neste proceso, dicía entón, acaso tamén hoxe coa mesma ou aínda maior énfase, “*máis que estar preparada o que fai é prepararse, irse preparando cara ó futuro. O problema é que se plantexa como unha necesidade social que hai que resolver, mentres que non se resolve no hai nada que facer. E cando se resolve hai que poñer o pobo galego en marcha cara a consecución destes obxectivos*”.

Estamos aínda lonxe... xusto cando a indignación da xuventude nos interroga e desafiaba. Unha xuventude, á que Herminio Barreiro lle deixaba unha fermosa mensaxe de esperanza e confianza: “Que sexa auténtica, que sexa fiel a si mesma. A busca da verdade é unha cuestión filosófica, pero tamén ética. Hoxe é difícil non deixarse manipular. Na sociedade existen potentes poderes creadores de opinión dos que debemos defendernos día a día. Pero, unha vez máis, aposto por unha xuventude romántica, idealista, forte e capaz de mellorar o mundo. Por iso a miña mensaxe é que sigan sendo como son”..., palabras que pechaban o seu diálogo con Gena Borrajo¹⁷. Nós conversamos por última vez no outono de 2010. Noutro tempo, noutro lugar... case ás portas do que foi durante máis de 25 anos o seu despacho na Facultade de (Filosofía e) Ciencias da Educación, en Compostela, na súa Universidade de sempre, no Campus Sur... agora “Campus Vida”. Paradoxos.

15 *Op. cit.*, páx. 213.

16 Herminio Barreiro e Aída Terrón, *La institución escolar: una creación del estado moderno*, Barcelona, Octaedro-FIES, 2005, páx. 18.

17 Entrevista citada, páx. 47.